

## ANUNCIO

Extracto dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local do Concello de Marín, na sesión ordinaria que tivo lugar o **día 7 de xullo de 2021**.

1. Apróbase o borrador da acta anterior, celebrada o día 30 de xuño de 2021.
2. Dáse conta da resolución de asignación de transferencias finalistas correntes correspondentes ó Plan concertado 2020, da Consellería de Política Social.
3. Dáse conta da denegación de subvención do Fondo de Compensación Ambiental para o proxecto "Mellora da eficiencia enerxética das instalacións de luz pública exterior da parcela de Briz", da Dirección Xeral de Administración Local".
4. Concédese licenza para a construción de vivenda unifamiliar de planta baixa en Macenlle-Pardacuíña, Marín.
5. Concédese licenza para a reforma de vivenda e construción de estrutura auxiliar para garaxe na parcela sita no núcleo de Montecelo, 94, Loira, Marín.
6. **Rogos e preguntas.** Non se formulan

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, decidiu tratar pola vía de urxencia os seguintes asuntos:

1. Apróbase a adhesión ao "Convenio de Colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Marín para levar a cabo dentro do seu termo municipal as actuacións recollidas no proxecto IDA núm. FEDER-EELL-2020-004515 Alumeado Exterior dos Municipios da Lama, Marín, Meaño, Meis e Mondariz-Balneario".
2. Concédese licenza de obras para "Proxecto básico e de execución de reacondicionamento de zona de campo de fútbol" existente no Colexio San Narciso, en Chan do Monte, 27, Marín.
3. Dáse conta das bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a institucións sen fin de lucro e entidades locais galegas, destinadas ao financiamento de gastos correntes derivados da realización de festivais, feiras, mostras, ciclos e certames de artes escénicas e musicais de carácter afeccionado, e se convocan para o ano 2021, da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.
4. Dáse conta das bases reguladoras e convocatoria de subvencións para proxectos de enerxía fotovoltaica para o ano 2021-2022, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder-Galicia 2014-2020.

A ALCALDESA,

María Ramallo Vázquez.

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E50008946400B4T1Y8L6T7H8 en <a href="https://sede.concellodemarin.es">https://sede.concellodemarin.es</a>	<b>FIRMANTE - FECHA</b> MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 12/07/2021 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 12/07/2021 14:46:39	<b>DOCUMENTO 20210562276</b> Fecha: 12/07/2021 Hora: 14:46
--	--	--

